



ELECCIÓN A CORTES XERAIS 2019

XUNTA ELECTORAL PROVINCIAL LUGO

Anuncio

ELECCIÓN XERAIS 10 NOVEMBRO 2019

Relación de fedatarios públicos acreditados para actuar como fedatarios electorais na xornada electoral do vindeiro día 10 de novembro.

Lugo, a 24 de outubro de 2019.- A SECRETARIA DA XUNTA ELECTORAL, M^a Dolores Cruz Requejo.

PROVINCIA DE LUGO

Lugo (27001)	1 ^a D. José Manuel López Cedrán Reina, 18-1° A Tel. 982.230.336 (FAX 982.255.299) email: jmicedron@notariado.org
Lugo (27001)	1 ^a D. José Antonio Caneda Goyanes Reina, 21-1° Tel. 982.241.115 (FAX 982.225.849) email: notariacaneda@notariacaneda.com
Lugo (27001)	1 ^a D. Manuel-Ignacio Castro-Gil Iglesias Reina, 1-4° Tel. 982.283.030 (FAX 982.284.483) email: castroqil@notariado.org
Lugo (27001)	1 ^a D ^a Natalia Nieto Alba Reina, 3-1° Derecha Tel. 982.229.011-982.229.282 (FAX 982.229.080) email: natalianieto@notariado.org
Lugo (21001)	1 ^a D ^a Montserrat Trigo Mayor Rúa do Teatro, 3-1° Tel. 982.284.496 (FAX 982.251.061) email: mtrigo@notariado.org
Lugo (27001)	1 ^a D ^a Patricia Posse Paz Reina, 21-2° C Tel. 982.240.912 (FAX 982.243.757) email: patriciaposse@notariado.org
Becerreá (27640)	3 ^a D ^a Ana María Losada Fernández Eulogio Rosón, 2-1° Tel. 982.360.795 (FAX) email: notariadebecerrea@gmail.com
Castro de Rei (27250)	3 ^a D ^a Marta Abelaira Fernández Avda. da Terra Cha, 50-Entlo. B 27260 Castro Riberas de Lea Tel. 982.310.503 (FAX 982.311.161) email: mabelaira@notariado.org
Meira (27240)	3 ^a D ^a Lucía Cagigas Courel Avda. de Lugo, 23, Entrp. Local 2 Tel. 982.331.021 (FAX 982.330.547) email: lcagigas@notariado.org

Sarria (27600)	3ª D. Juan José López Yáñez Gran Vía de Alfonso IX, 9-bajo Tel. 982.530.487 (FAX 982_533.755) email: jjlyanez@notariado.org
Chantada (27500)	3ª D. Eduardo Díez Fernández-Barbe Rúa Taboada, 6 Entresuelo Tel. 982.440.229 (FAX 982.441.119) email: ediez@notariado.org
Monterroso (27560)	3ª D. Faustino Rodríguez-Segade Vázquez Benigno Vázquez, 31-1ª B Tel. 982.377.472 (FAX 932.377.131) email: frodriguez-segade@notariado.org
Palas de Reí (27200)	3ª Dª Marina Navarro Martínez Avda. de Compostela, 10-2º Tel. 982.380.705 (FAX 982.380.960) email: mnmartinez@notariado.org
A Fonsagrada (27100)	3ª D. Carlos Antonio Doval Grande Avda. de Asturias, 14-Entlo. Tel. 982.340.311 (FAX) email: cadoval@notariado.org
Mondoñedo (27740)	3ª Dª María Cuartas Berdejo Alfonso VII, 35-1º Tel. 982.521.900 (FAX 982.521.756) email: mcuartas@notariado.org
Cervo-Burela (27880)	3ª D. Ignacio Catania Palmer Plaza da Mariña, 3, Entreplanta B BURELA. Tel. 982.575.193 (FAX 982.581.274) email: icatania@correonotarial.org
Foz (27780)	3ª D. Francisco Manuel Mariño Pardo García Lorca, 1-1º Tel. 982.140.475 (FAX 982.133.620) email: fmpardo@notariado.org
Ribadeo (27700)	3ª Dª María del Rocío de la Hera Ortega Ramón González, 35, bajo Tel. 982.120.020 (FAX 982.120.080) email: rociodelahera@notariado.org
Viveiro (27850)	3ª D. Francisco Manuel Brea Graíño Avda. Ferrol, 25, entreplanta Tel. 982.570.018 (FAX 982.570.613) email: fmbrea@notariado.org
Viveiro (27850)	3ª Dª Rebeca Goyanes López Avda. Ferrol, 27, entresuelo Tel. 982.650.055 (FAX 982.989.151) email: rgoyanes@correonotarial.org
Monforte de Lemos (27400)	2º D. Pedro Antonio Luna Vega Roberto Baamonde, 42-10 Tel. 982.401.683 (FAX 982.404.907) email: pedroluna@notariado.org
Quiroga)27320)	3ª Dª Mª del Alba Sánchez-Andrade Fernández-Avallo Rosalía de Castro, 1, bajo Tel. 982.421.018 (FAX 982.121.020) email: asanchez-andrade@notarisdo.org
Vilalba (27800)	3ª D. Jesús Basanta Barro Avda. Ciudad de Lugo, 16, bajo Tel. 982.511.256/982.510.789 (FAX 982 512.536) email: jbasanta@notariado.org
Guitiriz (27300)	3ª Dª Cristina López Rodríguez Rúa Concello, 14, bajo Tel. 982.370.031 (FAX 982.370.075) email: cleedriguez@notariado.org

XUNTA DE GALICIA
XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.
DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución sobre o calendario laboral do ano 2020 para a Provincia de Lugo

O DECRETO 81/2019, do 27 de xuño (publicado no DOG 132, de 12 de Xullo de 2019), polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2020, recolle no artigo 2 o seguinte:

"Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no Diario Oficial de Galicia".

Á vista do que antecede, esta Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria elabora, para a provincia de Lugo, o seguinte

Calendario laboral 2020

Decláranse inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, no ámbito de cadanseu concello segundo a proposta dos mesmos, as datas recollidas na táboa anexa.

Todas as empresas da provincia deberán ter exposto nun lugar visible do centro de traballo o calendario laboral para o ano 2020, de conformidade co establecido no artigo 34.6 do Estatuto dos Traballadores, para coñecemento e consulta dos traballadores.

Lugo, 30 de outubro de 2019.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

Concello	Data 1	Denominación 1	Data 2	Denominación 2
Abadín	25/02/20	Martes de Entroido	28/09/20	Luns de San Cosme da Montaña
Alfoz	25/02/20	Martes de Entroido	03/08/20	Festa dos Chóferes
Antas de Ulla	25/02/20	Martes de Entroido	08/09/20	Virxe dos Remedios
Baleira	25/02/20	Martes de Entroido	12/08/20	San Cristobal
Baralla	27/08/20	Festas de San Vitorio	28/08/20	Festas de San Vitorio
Barreiros	25/02/20	Martes de Entroido	24/08/20	San Bartolo
Becerreá	25/06/20	San Xoán	14/09/20	Santo Ecce Homo
Begonte	25/02/20	Martes de Entroido	29/06/20	San Pedro
Bóveda	01/09/20	San Xil	15/09/20	Divino Ecce-Homo
Burela	25/02/20	Martes de Entroido	08/06/20	Festivo local
Carballedo	24/07/20	Festa Local	14/08/20	Festa Local
Castro de Rei	25/02/20	Martes de Entroido	10/08/20	Luns seguinte ao día de San Roque e Dulce Nome de María en Castro de Riberas de Lea
Castroverde	25/02/20	Martes de Entroido	24/07/20	Santiago Apóstolo
Cervantes	25/02/20	Martes de Entroido	20/05/20	Nosa Señora dos Remedios
Cervo	25/02/20	Martes de Entroido	16/07/20	Nosa Señora do Carme
Chantada	25/08/20	Festa da Empanada	08/09/20	Nosa Señora do Faro
Corgo (O)	25/02/20	Martes de Entroido	05/10/20	San Froilán
Cospeito	25/02/20	Martes de Entroido	08/09/20	Nosa Señora Virxe do Monte
Folgoso do Caurel	19/08/20	Festas Patronais de Folgoso	07/12/20	Ponte da Constitución
Fonsagrada (A)	25/02/20	Martes de Entroido	11/09/20	Festas Patronais
Foz	16/07/20	O Carme	10/08/20	San Lourenzo
Friol	25/02/20	Martes de Antroido	13/07/20	Luns de Santa Isabel
Guitiriz	25/02/20	Martes de Entroido	03/08/20	Despois de Pardiñas
Guntín de Pallares	25/02/20	Martes de Entroido	06/07/20	Luns das festas
Incio (O)	25/02/20	Martes de Entroido	15/05/20	San Eufrasio
Láncara	25/02/20	Martes de Entroido	24/08/20	Luns de San Roque
Lourenzá	25/02/20	Martes de Entroido	31/08/20	Luns do Conde Santo
Lugo	25/02/20	Martes de Entroido	05/10/20	San Froilán
Meira	25/02/20	Martes de Entroido	17/08/20	Xira
Mondoñedo	14/09/20	Luns dos Remedios	19/10/20	As San Lucas
Monforte de Lemos	14/04/20	Martes de Pascua	13/06/20	San Antonio
Monterroso	10/07/20	San Cristovo	29/09/20	San Miguel
Muras	25/02/20	Martes de Entroido	29/07/20	San Pedro de Muras
Navia de Suarna	25/02/20	Martes de Entroido	21/09/20	Virxe das Dores
Negueira de Muñiz	25/02/20	Martes de Entroido	17/08/20	Virxe da Veiga
Nogais (As)	25/02/20	Martes de Antroido	31/07/20	Festa do Emigrante
Ourol	13/05/20	Nosa Señora de Fátima	24/08/20	Luns de Naseiro
Outeiro de Rei	25/02/20	Martes de Entroido	06/07/20	Luns de Santa Isabel
Palas de Rei	28/01/20	San Tirso	14/09/20	Ecce-Hommo
Pantón	25/02/20	Martes de Entroido	24/08/20	Festas Locais

Concello	Data 1	Denominación 1	Data 2	Denominación 2
Paradela	15/05/20	San Isidro	29/09/20	San Miguel
Páramo (O)	25/02/20	Martes de Entroido	12/06/20	Festas da Primavera
Pastoriza (A)	25/02/20	Martes de Entroido	19/10/20	San Lucas
Pedrafita do Cebreiro	25/02/20	Martes de Entroido	09/09/20	Santa María A Real do Cebreiro
Pobra de Brollón	15/06/20	Luns seguinte ao Corpus	27/08/20	San Vitoiro
Pol	25/02/20	Martes de Entroido	24/08/20	Festa do Emigrante
Pontenova (A)	25/02/20	Martes de Entroido	20/03/20	Ponte de San José
Portomarín	25/02/20	Martes de Entroido	07/09/20	Santo Cristo das Victorias
Quiroga	13/04/20	Luns de Pascua	11/11/20	San Martiño
Rábade	25/02/20	Martes de Entroido	14/08/20	Nosa Señora da Asunción
Ribadeo	25/02/20	Martes de Entroido	08/09/20	Patrona Santa María do Campo
Ribas de Sil	17/08/20	Festas patronais de San Roque	30/10/20	San Claudio
Ribeira de Piquín	25/02/20	Martes de Entroido	23/04/20	San Xurxo
Riotorto	25/02/20	Martes de Entroido	29/06/20	San Pedro
Samos	09/01/20	San Xulián e Santa Basilisa	13/07/20	Luns de San Benito
Sarria	25/06/20	Festa local	08/09/20	Festa local
Saviñao (O)	25/02/20	Martes de Entroido	04/08/20	Festas locais de Escairón
Sober	08/09/20	Festivo local	21/09/20	Festivo local
Taboada	25/02/20	Martes de Entroido	10/08/20	Festas da Vila
Trabada	25/02/20	Martes de Entroido	14/08/20	Festivo local
Triacastela	25/02/20	Martes de Antroido	17/08/20	San Mamede
Valadouro (O)	25/02/20	Martes de Entroido	09/09/20	Festivo local
Vicedo (O)	25/02/20	Martes de Entroido	03/08/20	Santo Estevo
Vilalba	31/08/20	San Ramón	01/09/20	Santa María
Viveiro	25/02/20	Martes de Entroido	24/08/20	Festa local
Xermade	25/02/20	Martes de Entroido	10/08/20	Luns de Santa María
Xove	25/02/20	Martes de Antroido	31/08/20	Festa Patronal de Xove

R. 3278

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Aprobado provisionalmente polo Pleno desta Corporación Municipal, con data de 5 de Novembro de 2019, o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis; conforme ao establecido no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, expónse ao público na secretaría municipal polo prazo de trinta días hábiles - contados desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia - aos efectos do exame e da presentación das reclamacións que se estimen oportunas.

No suposto de non presentarse reclamacións, entenderase dito acordo elevado a definitivo.

Begonte, a 5 de Novembro de 2019.- O Alcalde - Presidente, José Ulla Rocha.

R. 3352

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Aprobado provisionalmente polo Pleno desta Corporación Municipal, con data de 5 de Novembro de 2019, o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis; conforme ao establecido no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, expónse ao público na secretaría municipal polo prazo de trinta días hábiles - contados desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia - aos efectos do exame e da presentación das reclamacións que se estimen oportunas.

No suposto de non presentarse reclamacións, entenderase dito acordo elevado a definitivo.

Begonte, a 5 de Novembro de 2019.- O Alcalde - Presidente, José Ulla Rocha.

R. 3353

LÁNCARA*Anuncio*

O Pleno do Concello de Lánara en sesión ordinaria realizada o 26/09/2019 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 13/2019 do orzamento xeral do Concello de 2019. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 07/10/2019 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

Estados do gastos

Capítulo I	Gastos de Persoal	776.495,29
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servizos	1.232.415,97
Capítulo III	Gastos Financeiros	3.500,00
Capítulo IV	Transferencias Correntes	214.233,00
Capítulo V	Fondo de Continxencia	4.000,00
Capítulo VI	Investimentos Reais	1.031.981,80
Capítulo VII	Transferencias de Capital	41.500,00
Capítulo IX	Pasivos Financeiros	18.500,00

Estado de ingresos

Capítulo I	Impostos directos	579.953,17
Capítulo II	Impostos indirectos	25.000,00
Capítulo III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	265.298,48
Capítulo IV	Transferencias Correntes	1.090.722,47
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	6.317,08
Capítulo VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
Capítulo VII	Transferencias de capital	461.466,00
Capítulo VIII	Activos financeiros	893.868,86

Contra o presente acordo, en cumprimento do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Láncara, a 29 de outubro de 2019.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 3271

RIBADEO

Anuncio

Expediente núm.: 2075/2019

BASES ESPECIFICAS REGULADORAS DO ACCESO A POSTOS DE TRABALLO DE OPERARIO DE LIMPEZA INTERINOS.-

1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

O obxecto das presentes bases é a cobertura **baixo o réxime de interinidade** de 2 postos de traballo da RPT (Anexo de persal 2018) sinalados cos número 0714/3 e 0714/9 vacantes na actualidade, de Operarios de limpeza.

2.-CARACTERÍSTICAS DO POSTO:

Grupo. Asimilados a un Grupo E-Agrupacións Profesionais (EBEP)

Clasificación: Cadro de Persoal Laboral, Administración Especial. Persoal de oficios.

Adscripción: Servizos de Vialidade. Xardinería e limpeza

Postos: 0714/3 e 0714/9

3.FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO.

As funcións do posto de traballo que se convoca son, conforme á descrición da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente: Funcións mecánicas e manuais de limpeza da vía pública así como do mobiliario urbano. Calquera outra funcións propia do seu cargo ou categoría.

Os postos estarán sometidos ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

4. SISTEMA DE SELECCIÓN: concurso-oposición .

5.NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN: DOUS

6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a)Xerais: Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público (RDL 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o TR da Lei).

b) Específicos. Titulación académica: Estudos primarios, certificado de escolaridade, Graduado Escolar ou titulación semellante ou superior.

Estar en posesión do permiso de conducir da clase B.

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como empregado interino, no seu caso.

7.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS SÚAS BASES.-

A convocatoria anunciarase no DOG e as Bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo e farase pública tamén no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal. www.ribadeo.gal

Os sucesivos anuncios relativos á convocatoria publicaranse no tablón de anuncios do Concello e web municipal www.ribadeo.gal.

Non se efecturán notificacións individuais.

Os aspirantes ás probas obxecto desta convocatoria quedarán enterados do desenvolvemento do proceso mediante as publicacións pertinentes no taboleiro de anuncios do Concello e sede electrónica da web municipal.

8. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

Ás instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse á Alcaldía-Presidencia.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo debidamente cumprimentadas, durante o prazo de **vinte días naturais** contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no DOG.

Poderán asimesmo remitirse na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para ser admitidas e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes manifestarán nas súas solicitudes que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas Bases, referidos sempre como máximo ao día no que remate o prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes con minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude.

Igualmente as persoas aspirantes comprométese, no caso de ser propostos para o correspondente nomeamento, a prestar xuramento ou promesa de acordo co que determina o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Á instancia acompañarase **inexcusablemente** a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente.
- Titulación, no seu caso, que acredite o cumprimento deste requisito.
- Acompañarase unha relación circunstanciada dos méritos que aleguen pola orde que se estableza na correspondente convocatoria, uníndose a dita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas), e non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, no momento de remate do prazo de presentación de solicitudes.

9.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, así como o prazo para subsanación que será de 10 días, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do PACAAPP.

A corrección de erros, poderase emendar de oficio ou a instancia de parte de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Dita resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia así como no Taboleiro de anuncios do Concello. Quen non presente a solicitude de subsanación ou reclamación no indicado prazo decaerá no seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a lista definitiva, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicarase igualmente o lugar e data de comezo do 1º exercicio e orde de actuación dos aspirantes así como a composición do Tribunal, publicándose estes anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, incluso durante a celebración das probas se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión ésta considerárase defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Dende a terminación dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

10.DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.-

A)Fase de oposición:

Serán 3 exercicios.-

Primeiro exercicio. Práctico.

Consistirá na realización dunha proba relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo e que será determinada polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio indicándose asimesmo a duración máxima que non excederá de 20 minutos, tendente a valorar as habilidades e coñecementos necesarios dos aspirantes para o desempeño das labores de operario de limpeza viaria e mobiliario e poderá estar referida a cuestións tales como limpeza viaria (manual co manexo dos elementos, vasoira, cubo, carro, etc. e mecánica coas barreiras existentes no Concello e/ou calquera outro utensilio mecánico de uso cotiá no departamento de medio ambiente para as labores do posto).

Este exercicio cualificarase polo tribunal de 0 a 10 puntos e serán eliminados aqueles aspirantes que non alcancen un mínimo de 5 puntos.

O tribunal establecerá con carácter previo os criterios para valorar esta proba que se porán en coñecemento dos aspirantes ao inicio da mesma.

Segundo Exercicio.- De carácter obligatorio e eliminatorio consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo dunha hora, un tema relacionado coas materias comprendidas no Programa do ANEXO I, aínda que non se ataña a un epígrafe concreto daquel.

Elíxense ao chou dous temas dos que deberán elixir un que deberán contestar obrigatoriamente.

Os aspirantes terán liberdade en canto á forma de exposición se refire, valorándose polo Tribunal a formación xeral, a claridade de ideas e coñecemento da materia así como o rigor e precisión na exposición.

Posteriormente ou no propio acto serán convocados, no seu caso, oportunamente para proceder por sí mesmos á lectura pública dos exercicios.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e será preciso acadar un mínimo de 5 puntos para superalo.

O tribunal establecerá con carácter previo os criterios para valorar esta proba que se porán en coñecemento dos aspirantes ao inicio da mesma.

Terceiro exercicio. Idioma galego.- De carácter obligatorio e non eliminatorio consistirá na tradución directa do castelán ao galego ou á inversa dun texto proposto polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 15 minutos, e sen axuda de diccionario.

Este exercicio cualificarase cun máximo de 1 punto.

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do galego, nivel de iniciación ou equivalente ou Celga 2, que se valorará con 1 punto.**

B) Fase de concurso: Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no ANEXO II destas Bases e sen que a cualificación poida exceder de 4 puntos na súa totalidade.

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para superalas probas da fase de oposición.

Esta fase cualificarase o mesmo día fixado para a oposición e antes da celebración desta.

Cualificación final: A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de concurso e dos dous exercicios da fase de oposición.

11. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polas seguintes persoas:

Presidente:

Titular e suplente correspondente. Un funcionario de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca, designado pola Alcaldía-Presidencia.

Vogais: 3 funcionarios de categoría ou subescala igual ou superior ao posto que se convoca e os seus suplentes correspondentes.

Secretario: O Secretario Xeral do Concello de Ribadeo e como suplente do mesmo un funcionario do Concello con categoría igual ou superior ao posto que se convoca. Actuará con voz e sen voto.

O Tribunal queda autorizado para resolver-las dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e para toma-los acordos necesarios para a boa orde das probas.

Aplicarase igualmente a lexislación básica do Estado sobre Función Pública e o R.D. 896/1991 polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de persoal funcionario de Administración Local. No non previsto nelas, a regulamentación para o ingreso na Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

12.- RELACIÓN DE APROBADOS.-

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación ao órgano competente do Concello aos efectos da tramitación do correspondente nomeamento.

O Tribunal cualificador non poderá propoñer o acceso á condición de interino a un número superior de aprobados ao de postos ou prazas convocadas, neste caso unha.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

A persoa proposta aportará, dentro do prazo dun mes contado a partir da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para compulsar) do seu Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.
- 2.- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título ou no seu caso, diploma en base ao cal se procedeu á súa admisión ou xustificante de ter cumprí-los requisitos para a expedición do mesmo.
- 3.- Certificado acreditativo de posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira. No supostos de persoas con discapacidade observarase tamén o que establece o apartado da Base duodécima.
- 4.- Certificado de antecedentes penais.
- 5.- Declaración complementaria de conduta cidadá.
- 6.- Declaración responsable de non ter sido separado do servizos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais mediante expediente disciplinario nin e atopar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- 7.- Declaración responsable de non se atopar incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- 8.- Declaración responsable de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro e normativa de desenvolvemento da mesma.
- 9.- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (para o caso de haber estado de alta na mesma).
- 8.- Número de conta bancaria.

O aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere a oposición deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes así como a compatibilidade co desempeño das tarefas do posto.

Para o suposto de que tivera a condición de funcionario ou empregado público, estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento debendo presentar certificación do Ministerio ou Organismo de que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

14. SINATURA DE CONTRATO LABORAL.-

Quen no prazo indicado non presente a documentación indicada (salvo casos de forza maior), non poderá asinar o contrato laboral de interinidade, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

O nomeamento como empregado laboral de carácter interino/a será publicado no BOP de Lugo.

15.-LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN.-

RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto básico do empregado público.

RDL 2/2015 de 23 de outubro, de aprobación do TR da Lei do Estatuto dos traballadores.

Lei 2/2015 de 29 de abril do emprego público de Galicia.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

R.D. Legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I

A) FASE DE OPOSICION

TEMARIO.-

I parte. Xeral

Tema 1. A Constitución Española de 1978. Principios Xerais.

Tema 2. Personal ao servizo da Entidade Local. Dereitos e deberes do personal laboral ao servizo dos entes locais.

Tema 3. Xeralidades dos órganos de goberno do Concello. O Alcalde, O Pleno e a Xunta de Goberno Local.

Tema 4. Servizos e dependenzas municipais do Concello de Ribadeo. Ubicación e funcións que nelas se desenvolven.

II Parte . Específica

Tema 5. A Lei 31/1.995, de Prevención de Riscos Laborais: Obxecto e ámbito de aplicación. Nocións básicas de Seguridade e Hixiene no traballo.

Tema 6. As zonas de limpeza no casco urbano de Ribadeo. O Plan de limpeza mensual

Tema 7. As zonas de limpeza e utilización de maquinaria para limpeza.

Tema 8. A recollida selectiva de lixo. Reciclaxe na recollida de lixo. Distintos tipos de contenedores segundo o material a depositar.

Tema 9. O vertedoiro de entullos e o punto limpo.

Tema 10. A ordenanza fiscal reguladora da recollida de lixo.

ANEXO II

B)FASE DE CONCURSO: BAREMO DE MÉRITOS.

a) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 2 puntos.

a.1) Polo tempo de prestación de servizos como Operario de limpeza ou Peón nunha administración pública ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0, 10 puntos por mes completo.

* A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo órgano competente. Noutro caso non se terá en conta.

b) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2 puntos.

b.1).- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos **pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas**, coa seguinte valoración, ata un máximo de 2 puntos:

Cursos de 100 ou mais horas.....0,75 puntos.

Cursos de 70 a 99 horas..... 0,50 puntos.

Cursos de 40 a 69 horas.....0,20 puntos.

Cursos de 15 a 39 horas.....0,10 puntos.

Ribadeo, a 29 de outubro de 2019.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 3272

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BNDS) LUGO

Anuncio

SUBVENCIONS COMPETITIVAS OFICINA DE PARTICIPACION E ATENCION CIADADA DO CONCELLO DE LUGO.ANO 2019

BDNS (Identif.): 479634

Por erro foi publicado no BOP de Lugo do 4 de novembro de 2019 o extracto de subvencions competitivas da Oficina de Participación e Atención Cidadá do exercicio 2018 no lugar do extracto correspondente ao exercicio 2019, polo que se remite o extracto correcto para a súa publicación (extracto exercicio 2019), que é o seguinte:

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b, 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencions.

Primeiro.- Entidades beneficiarias.Requisitos.

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencions todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo.
- b) As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, Rexistro público de fundación ou calquera outro rexistro público.
- c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social. No momento da solicitude da subvención, este aspecto poderá quedar acreditado para estes efectos, coa declaración responsable incluída no Anexo IV destas bases, e no momento da xustificación da axuda deberá acreditarse mediante a presentación das certificacións ás que se refire o párrafo f) do artigo 10 destas bases.
- d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Ter xustificadas debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.
- f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da Participación Cidadá.
- g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación realizada pola Área de Participación e Servizos para a Veciñanza.
- h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2019.
- i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva.
- j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

Segundo.- bases reguladoras.

As bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións ás asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido de participación cidadá (área de participación e servizos para a veciñanza) e para mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestructuras, nas que se levan a cabo estes programas e actividades-exercicio económico 2019, aprobounas a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, acordo número 25/685, na sesión ordinaria de data 23 de outubro de 2019, e publicaráse no BOP de Lugo o 2 de novembro de 2019.

Tercero.- Cuantía.

No orzamento municipal para o exercicio 2019 existe consignación presupuestaria para a concesión de subvencións para a Oficina de Participación Ciudadana, aplicación 92400.48900, por un importe de 45.500 euros.

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

Criterio de valoración

Puntuación

Pola elaboración e presentación dun programa diversificado de actividades e/ou actividades con continuidade no tempo.

Ata 2 puntos.

Pola realización de actividades que repercutan favorablementes no cidadáns do barrio, urbanización, pedanía ou da cidade de Lugo en xeral

Ata 2 puntos.

Por actividades de fomento e recuperación da tradicións locais.

Ata 1 punto

Por actividades realizadas fora da localidade que proxecten e difundan a cultura e tradicións de Lugo no exterior.

Ata 1 puntos

Por outras actividades de especial interese.

Ata 2 punto

Pola contratación dos traballos necesarios para a realización das actividades con empresas ou establecementos radicados en Lugo.

Ata 1 puntos

Pola traxectoria, continuidade na realización de actividades, número de persoas asociadas en activo e a especial relevancia e trascendencia social dos actos que desenrole a asociación.

Ata 2 puntos

Que na composición da directiva da asociación exista como mínimo unha porcentaxe do 50% de mulleres e/ou a asociación ou entidade conte cunha vogalia ou departamento da muller ou igualdade

Ata 1 punto.

Pola realización de obras de mantemento de quipamentos.

Ata 3 puntos

Puntuación máxima

15 puntos

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario achar o valor punto. Para elo, de acordo co artigo 22.1 da LXS prorratearase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 95% do custo total da acción para a que se solicita subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 5% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas nacionais ou estranxeiras.

Cuarto.- Forma e prazo de presentación de solicitudes

- As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) (artigo 17.3b, 18 e 20.8)

- O prazo para presentar as solicitudes será de QUINCE DIAS NATURAIS, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Asimesmo publicaranse as Bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de edictos do Excmo. Concello de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo (www.lugo.gal), debendo inserirse no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Lugo.

Lugo, 25 de outubro de 2019.- A Alcaldesa (P.D. Decreto núm. 19005684 do 1/7/2019, modificado polo decreto núm. 19005695 do 3/7/2019), a Tenenta de Alcaldesa da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza do Concello de Lugo, María Cristina López Fernández

R. 3319

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/27834

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 4 de octubre de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a José Luis Fernández López, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,09 l/s de agua procedente de un pozo situado en la parcela catastral 471 del polígono 34, en el lugar de Lamas, parroquia de Vilamaior (Santa María), en el término municipal de Sarria (Lugo) para usos avícolas.

Lugo, 25 de octubre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3273

*Anuncio***Expediente: A/27/18767**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha _____ y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Teresa Gay Villamor, la oportuna modificación de características de la concesión para aprovechamiento de 0,012 l/s de agua procedente de un pozo, en el lugar de Ferreira, parroquia de Ferreira de Pallares (Santa María), término municipal de Guntín (Lugo) para usos domésticos, otorgada por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil de fecha 05 de abril de 2010, consistente en la incorporación de un nuevo pozo con reducción del caudal a derivar a 0,004 l/s.

Lugo, 22 de octubre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3274

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****A/27/27404**

Manuel Vázquez Vázquez en representación de Bodegas Rectoral de Amandi, S.A.U., solicita la concesión de un aprovechamiento de 3,56 l/s de agua procedente de un pozo situado en la parcela 113 del polígono 55, en el lugar de Lamela, parroquia de O Hospital (San Salvador), término municipal de Quiroga (Lugo) para riego por goteo de 16,0902 has pertenecientes a dos parcelas.

La captación se realiza en un pozo de barrena de 226 m de profundidad y 200 mm de diámetro mediante un motor de 20 CV de potencia, desde el que parte conducción hasta un depósito que distribuye el agua hasta las parcelas a regar. El riego se realiza mediante goteros.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Quiroga, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 24 de octubre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3275

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****A/27/28733**

Rubén García Camba solicita la concesión de un aprovechamiento de 0,50 l/s de agua procedente de un pozo y una balsa situados en la parcela catastral nº 8 del polígono 13, en el lugar de Arneiro, parroquia de Goá (San Xurxo), en el término municipal de Cospeito (Lugo) para usos ganaderos.

La captación se realiza en un pozo y una balsa que recoge las aguas de un manantial situado en el fondo de la misa. Éstas son recogidas por una cisterna para ser distribuidas a las instalaciones ganaderas. Las aguas del pozo son aspiradas e impulsadas mediante un grupo motobomba.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Cospeito, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 24 de octubre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3276

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****A/27/28904**

Ramón Mourelo López solicita la concesión de un caudal de 0,116 l/s de agua procedente de un pozo situado en la parcela catastral 159 del polígono 14, en el lugar de Viloira, parroquia de Santalla de Bardaos (San Xulián), en el término municipal de O Incio (Lugo) para usos ganaderos.

La captación se realiza en un pozo de 115 m de profundidad. Para la extracción se utiliza una bomba desde la cual parte una tubería de polietileno de 200 mm de diámetro y 100 m de longitud por la que circulan las aguas hasta el establo.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de O Incio, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 24 de octubre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3277